

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Decreto 305/2004, do 11 de novembro, polo que se amplían os prazos de elaboración de determinados plans de continxencias establecidos no Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia.*

As disposicións transitorias primeira, segunda e terceira do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia establecen un prazo de seis meses para que os portos e as instalacións industriais, municipais e análogas elaboren os correspondentes plans de continxencias, que deberán incardinarse nos plans de rías que para tal efecto elabore a propia Administración en igual prazo.

Con posterioridade á publicación do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, aprobouse o Real decreto 253/2004, do 13 de febreiro, polo que se establecen medidas de prevención e loita contra a contaminación nas operacións de carga, descarga e manipulación de hidrocarburos no ámbito marítimo e portuario, no que se establece o prazo de seis meses, que finaliza o 15 de febreiro de 2005, para que as autoridades e empresas afectadas polo seu ámbito de aplicación elaboren o plan interior de continxencias e estudo de condicións ambientais, instrumentos que deberán ser aprobados polo órgano competente da comunidade autónoma do territorio no que se sitúa a instalación.

Coa finalidade de lograr a debida coordinación co plan estatal, faise necesario proceder á ampliación dos prazos establecidos nas disposicións transitorias do Decreto 438/2003, do 13 de novembro.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos e logo de deliberación do Consello de Galicia na súa reunión do día once de novembro de dous mil catro

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Amplíase o prazo de elaboración do plan interior establecido na disposición transitoria primeira do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia ata o 15 de febreiro de 2005.

##### Artigo 2º

Amplíase o prazo de elaboración do plan de porto establecido na disposición transitoria segunda do

Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia ata o 15 de febreiro de 2005.

##### Artigo 3º

Amplíase o prazo de elaboración dos plans de ría establecido na disposición transitoria terceira do Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aproba o Plan Básico de Continxencias por Contaminación Mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia ata o 15 de agosto de 2005.

#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de novembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Decreto 306/2004, do 2 de decembro, polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.*

A correcta conservación e utilización dos montes e o aproveitamento dos recursos que neles se conteñen afectan a diferentes sectores económicos, sociais, ecolóxicos e culturais.

Neste senso, o programa de acción adoptado na Conferencia das Nacións Unidas sobre Ambiente e Desenvolvemento, celebrada no Río de Xaneiro en 1992, subliña a necesidade de crear canles de participación dos diferentes sectores económicos, sociais e científicos na elaboración e execución de políticas orientadas cara ao desenvolvemento sustentable.

O Parlamento Europeo, nunha resolución en que se insta a Comisión da Unión Europea para elaborar unha estratexia forestal en que se contemple o tratamento integrado e global da conservación e explotación dos montes, fai especial fincapé nas vantages dunha coordinación efectiva entre os distintos sectores que inflúen na política forestal.

O convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, máis coñecido como Convenio Aarhus, contempla a necesidade da participación do público nos plans, programas e políticas relativas ao ambiente.

O VI Programa de acción da Comunidade Europea en materia de ambiente recolle, como un dos piares básicos da súa posta en marcha, a elaboración de políticas basada na participación e nos coñecementos sólidos.

Finalmente, o Plan Forestal de Galicia ilústranos sobre a importancia dun órgano que defina os obxectivos pragmáticos do sector, a detección dos seus principais problemas e das liñas prioritarias de actuación, así como para a promoción de vías de cooperación para a execución de grandes proxectos e o desenvolvemento equilibrado das diferentes funcións do monte.

Seguindo as pautas marcadas por estes instrumentos, créase o Consello Forestal de Galicia.

O Consello Forestal de Galicia nace con vocación de ser o órgano consultivo e asesor da Administración forestal e terá coma fins esenciais dar cumprimento ao principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

Créase co obxecto de facilitar unha axeitada xestión sustentable dos montes galegos e fomentar o desenvolvemento económico, social e ambiental do sector forestal.

O Consello Forestal de Galicia estará presidido polo conselleiro de Medio Ambiente, desempeñando a vicepresidencia o director xeral de Montes e Industrias Forestais.

Na súa virtude, no uso das atribucións concedidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa concordante, e por proposta da Consellería de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día dous de decembro de dous mil catorce,

### *DISPOÑO:*

#### *Artigo 1º.-Obxecto e fins.*

1. Créase o Consello Forestal de Galicia co obxecto de facilitar unha adecuada xestión sustentable dos montes galegos e fomentar o desenvolvemento económico, social e ambiental do sector forestal.

2. O Consello Forestal de Galicia é o órgano consultivo e asesor da Administración Forestal e ten como fin dar cumprimento ao principio de participación pública e establecer unha canle de colaboración dos estamentos interesados da sociedade galega e da comunidade científica.

#### *Artigo 2º.-Funcións.*

Corresponden ao Consello Forestal de Galicia as seguintes funcións:

a) Coñecer e informar sobre as propostas de regulación e os plans e estratexias forestais de carácter xeral que, sendo de ámbito autonómico, teñan unha singular relevancia; participando, deste xeito, na elaboración da normativa forestal galega.

b) Propoñer ás administracións públicas as medidas que se consideren necesarias para mellorar a xestión sustentable do monte, a competitividade do sector, a creación de emprego e o desenvolvemento do sector forestal nas comunidades rurais.

c) Fomentar as iniciativas para o desenvolvemento da educación forestal e a investigación científica.

d) Impulsar a realización de informes e estudos, á iniciativa do propio Consello, sobre o sector forestal.

e) Impulsar o diálogo, participación e colaboración das administracións, institucións, asociacións de propietarios e de comunidades de montes veciñas e demais axentes sociais, económicos e ambientalistas implicados no sector forestal e no uso sustentable dos montes galegos, propiciando o intercambio de información, entre todos os integrantes do Consello, dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal.

f) Realizar as suesteóns oportunas dirixidas ao correcto seguimento das orientacións que emanen dos acordos internacionais ratificados polo Goberno, dos programas, iniciativas e propostas comunitarias e doutros instrumentos internacionais relacionados coa sustentabilidade dos bosques, así como informar sobre as melloras que considere convenientes en canto á adecuación a estes instrumentos.

#### *Artigo 3º.-Composición.*

O Consello Forestal de Galicia estará composto por:

-Un presidente: o conselleiro de Medio Ambiente.

-Un vicepresidente: o director xeral de Montes e Industrias Forestais.

-Un secretario: o subdirector xeral de Recursos Forestais.

#### *Os 46 vogais seguintes:*

a) Sete vogais en representación da Administración autonómica, con categoría, polo menos, de subdirector xeral, correspondendo un a cada unha das consellerías seguintes: Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, Consellería de Economía e Facenda, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, Consellería de Innovación, Industria e Comercio, Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

b) Un vogal en representación da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

c) Catro vogais en representación das delegacións provinciais da Consellería de Medio Ambiente.

d) Un vogal en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

- e) Tres vogais en representación da *Federación Galega de Municipios e Provincias* (Fegamp).
- f) Seis vogais en representación da propiedade forestal.
- g) Catro vogais en representación das organizacións empresariais más representativas do sector forestal.
- h) Un vogal en representación do clúster da madeira.
- i) Tres vogais en representación das organizacións sindicais agrarias más representativas a nivel autonómico.
- j) Un vogal en representación das organizacións de gandeiros.
- k) Un vogal en representación da *Federación Galega de Caza*.
- l) Un vogal en representación das asociacións micolóxicas de Galicia.
- m) Un vogal en representación das asociacións de consumidores de Galicia.
- n) Un vogal en representación de cada un dos colexios profesionais autonómicos de enxeñeiros de montes e de enxeñeiros técnicos forestais.
- o) Un vogal en representación do Centro de Investigación Forestal e Ambiental de Lourizán.
- p) Un vogal en representación do Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira en Galicia (C.S.I.).
- q) Un vogal en representación de cada unha das tres universidades galegas.
- r) Dous vogais en representación das organizacións de defensa ambiental inscritas no Rexistro Autonómico de Asociacións Protectoras do Ambiente.
- s) Tres expertos con recoñecida experiencia e prestixio profesional no sector forestal.

#### Artigo 4º.-Nomeamentos.

1. Todos os membros do Consello Forestal de Galicia serán nomeados polo conselleiro de Medio Ambiente. Tamén serán nomeados os suplementos de cada un dos membros ordinarios do Consello. O nomeamento dos vogais será por proposta das organizacións, institucións e departamentos autonómicos que se relacionan a seguir:

- a) Os vogais da Administración autonómica por proposta dos conselleiros correspondentes.
- b) O vogal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por proposta do seu presidente.
- c) Os vogais da Fegamp, conforme o establecido nos seus estatutos.

- d) Os vogais da propiedade forestal, por proposta das asociacións más representativas dos citados propietarios, a nivel autonómico.
- e) Os vogais das organizacións empresariais do sector forestal, por proposta das asociacións empresariais con maior representatividade dentro da Comunidade Autónoma.
- f) O vogal do clúster da madeira, por proposta do citado clúster.
- g) Os vogais das organizacións sindicais agrarias, por proposta das organizacións sindicais agrarias más representativas a nivel autonómico.
- h) O vogal das organizacións de gandeiros, por proposta das organizacións más representativas do sector.
- i) O vogal da *Federación Galega de Caza*, por proposta da *Federación Galega de Caza*.
- j) O vogal das asociacións micolóxicas de Galicia, por proposta das asociacións micolóxicas de Galicia.
- k) O vogal das asociacións de consumidores de Galicia, por proposta das asociacións de consumidores de Galicia.
- l) Os vogais procedentes dos colexios profesionais, por proposta dos órganos de goberno do respectivo colexio de ámbito autonómico.
- m) O vogal do Centro de Investigación Forestal e Ambiental de Lourizán, por proposta do director do Centro de Desenvolvemento Sostible.
- n) O vogal do Centro de Información e Servizos Tecnolóxicos da Madeira en Galicia, por proposta deste órgano.
- o) O vogal representante de cada unha das universidades galegas, por proposta do reitor de cada unha das universidades.
- p) Os vogais das organizacións de defensa ambiental, por proposta das organizacións de defensa ambiental inscritas no Rexistro Autonómico de Asociacións Protectoras do Ambiente.
- q) Os vogais con recoñecida experiencia ou prestixio profesional, por proposta do director xeral de Montes e Industrias Forestais.
- 2. O nomeamento dos membros ordinarios e suplementos do Consello será por un período de dous anos, contado desde a data da súa publicación, e será renovable. No suposto de que o membro perdesse a súa representatividade, pasará a ser membro ordinario o suplemento.

#### Artigo 5º.-Réxime de funcionamento.

1. O Consello Forestal de Galicia reunirase en pleno de forma ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano. Tamén se poderá realizar a convocatoria do pleno cando exista algún motivo de especial transcendencia relacionado coa competencia do Consello,

a xuízo do seu presidente ou a petición dun terzo dos membros daquel.

2. O presidente convocará as reunións do Consello e fixará a orde do día, por iniciativa propia ou por solicitude de, cando menos, a metade máis un dos membros.

A convocatoria das reunións do Consello Forestal de Galicia efectuarase con, polo menos, quince días de antelación á súa data de celebración. No caso de reunións extraordinarias, a convocatoria realizarase con, polo menos, catro días de antelación á súa data de celebración.

3. No seo do Consello Forestal de Galicia poderán constituír comisións ou grupos de traballo para a análise, seguimento e estudo de temas concretos, sinalando no acordo cal será o seu réxime de actuación e se terán carácter indefinido ou temporal.

4. Tanto ás reunións do Pleno como ás das comisións ou grupos de traballo poderán convocarse expertos, así como persoal das administracións públicas e dos sectores implicados, que actuarán como asesores, con voz e sen voto, nas materias que se traten.

#### **Artigo 6º.-Coordinación e tramitación.**

O órgano de coordinación, tramitación e apoio do Consello Forestal de Galicia será a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

#### **Artigo 7º.-Adscrición.**

O Consello Forestal de Galicia queda adscrito á Consellería de Medio Ambiente.

#### **Artigo 8º.-Réxime xurídico.**

1. O Consello Forestal de Galicia poderá establecer as súas propias normas de funcionamento.

2. No non previsto no presente decreto nin nas normas de funcionamento do Consello, aplicarase o disposto no capítulo II, título II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### ***Disposiciones derradeiras***

**Primeira.-**Queda facultado o conselleiro de Medio Ambiente para ditar as disposicións necesarias para facilitar o correcto funcionamento do Consello Forestal de Galicia.

**Segunda.-**O presente decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dous de decembro de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Manuel Barreiro Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente

### **III. OUTRAS DISPOSICIÓNIS**

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

*Decreto 307/2004, do 27 de maio, polo que se lle cede ao Concello de Noia o inmoble coñecido como Teatro Coliseo Noela.*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular do inmoble denominado Teatro Coliseo Noela, situado na rúa Curro, termo municipal de Noia (A Coruña), ben patrimonial que figura no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia co código C 0520.

Á vista da solicitude presentada polo Concello de Noia, a Secretaría Xeral e do Patrimonio, dependente da Consellería de Economía e Facenda, tramitou expediente de cesión do dito inmoble, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega e nos artigos 83 e seguintes do Regulamento que desenvolve a dita lei.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e sete de maio de dous mil catro,

#### ***DISPOÑO:***

#### **Artigo 1º**

Acórdase a cesión, a título gratuito, a favor do Concello de Noia, do inmoble coñecido como Teatro Coliseo Noela, situado na rúa Curro, no termo municipal de Noia, e inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia, no tomo 811, libro 179, folio 1, predio nº 13.159, inscrición 1.

#### **Artigo 2º**

A devandita cesión queda sometida ás seguintes cláusulas:

a) O fin da cesión será a recuperación da tradición interpretativa e musical de Noia.

b) Se o dereito cedido non se aplique ao fin sinalado dentro do prazo dun ano, contado desde o outorgamento da escritura pública, deixase de estalo con posterioridade, se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento ou se incumprisen calquera das outras cláusulas, considerarase resolta a cesión e o dereito reverterá á Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 87 do Regulamento da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

#### **Artigo 3º**

A devandita cesión formalizarase mediante escritura pública subscrita polo secretario xeral e do Patrimonio ou funcionario en quen delegue, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do